banda e sacar centros laterais á área, estando Diego moi seguro nos balóns por alto e determinante cunha boa intervención na ocasión máis clara dos herculinos ao longo do encontro. Pasado o ecuador da segunda parte o Rácing Villalbés gañou protagonismo, pero faltoulle contundencia nos metros finais para derrubar a porta. Ao final empatou a cero xusto que o Villalbés intentará facer bo a próxima xornada en Carballo.

OS MELLORES RC VILLALBÉS
NOEL
AMADO
CARLOS

O Lugo presentou a súa candidatura oficial

REMONTOU UN 0-2 NA SEGUNDA PARTE ante un Xuventude Oroso que rematou terceiro a primeira fase da Liga

CD LUGO	3	2	XUVENTUDE OROSO
Goles: Xabi Valiño, Manu Ferreiro e André			Goles: Adrián e Héctor

Árbitro: José Luis Fraga Torres. Juan Luis Fernández e Fernando Fernández. Campo: As Gándaras

O Lugo deu un golpe sobre a mesa no Campionato Galego infantil. O conxunto que dirixe Jony remontou un cero a dous na segunda parte, ante un Xuventude Oroso que na primeira fase acabou terceiro, e fixoo con toda a artillería pesada sobre o terreo de xogo ao debutar Manu Ferreiro esta tempada co equipo infantil.

O potencial de Xuventude Oroso quedou fóra de toda dúbida desde os primeiros minutos, nos que foron superiores nas Gándaras. Presionaron e asfixiaron a saída de balón dun Lugo incómodo e que encaixou o cero a un tras un saque de esquina. Pouco despois o Oroso estreloba un balón no largueiro e Yago detivo un man a man co que os visi-

1

DEBUT DE MANU FERREIRO

O mediocentro disputou o que vai de tempada co conxunto cadete na Liga Galega, pero nesta xornada debutou co equipo infantil asinando un dos tres goles da remontada lucense nas Gándaras

tantes puideron poñer terra polo medio no marcador.

O Lugo saiu con vida dunha primeira parte na que se viu superado. A posta en escena na segunda parte foi mellor, pero o Oroso ampliou a vantaxe nos primeiros minutos, de novo cun remate tras saque de esquina.

Con menos de media hora por diante e con toda a artillería pesada no campo, o Lugo empezou a gañar en sensacións e a meter ao Oroso no seu propio campo.

Bruno fabricou por banda a xogada do dous a un tras un centro que rematou Xabi Valiño ao fondo das mallas. Acto seguido Yago volveu ser determinante con outra gran intervención coa que evitou o un a tres.

Manu Ferreiro tivo o empate á saída dun córner, pero o balón non quixo entrar. Á seguinte Manu non fallou, e cun certo remate fixo o dous a dous a dez minutos para o final, tempo no que o Lugo derrubou a porta ao grande ao transformar André un penalti, e ata Xabi Valiño tivo o catro a dous na última xogada.

Próxima xornada

O Lugo buscará manter o pleno de puntos a próxima xornada en Santiago de Compostela ante un Conxo que vén de gañar por dous goles a tres ao Porteiro 2000.



Diego trata de gañar por velocidade nunha contra



André a piques de superar a entrada dun xogador rival



Jose co balón tras regatear a dous rivais nas Gándaras

A primeira parte do Viveiro dá para salvar a categoría

DE MÁIS A MENOS NA GÁNDARA ante un rival que lidera o grupo pola permanencia. O dous a cero e as molestias físicas de Mateo condicionaron o partido



David Diaz subindo o balón nun lance do xogo

RÁCIING DE FERROL	3	0	SD VIVEIRO
Goles: Jorge (3)			

Árbitro: Daniel Barrera. Eduardo Morales e Juan Carlos Manso. Campo: A Gándara. Ferrol

O Viveiro cedeu os tres puntos en xogo na Gándara ante un Rácing de Ferrol que está chamado a liderar esta fase pola permanencia.

Os de Fidi foron de máis a menos nun partido no que terminaron baixando

os brazos a medida que se acumulaban os contratempos.

Tras unha primeira parte moi boa na que o un a cero que reflectía o marcador semellaba inxusto, na segunda, co dous a cero e as molestias fisi-

"ME QUEDO CON LA PRIMERA PARTE, EN LA QUE COMPETIMOS DE PODER A PODER Y MERECEMOS MEJOR PREMIO. DEBEMOS SER FUERTES MENTALMENTE Y NO VENIRNOS ABAJO ANTE LOS CONTRATIEMPOS QUE PUEDAN SURGIR A LO LARGO DE LOS PARTIDOS"

FIDI - SD Viveiro

cas de Mateo que obrigaron a cambio, o Viveiro quedouse sen capacidade de poder competir o encontro.

A sensación ao final da primeira parte era de que se podía empatar e ata gañar, tras corenta minutos nos que o Ferrol se adiantara cunha acción de fútbol

1

DEBUT DE DIEGO

O xogador celeste disputou os seus primeiros minutos na máxima categoría infantil. Fidi tamén volveu contar con Matías, que ademais foi titular no lateral esquerdo.

directo na que o local Jorge empezou o seu recital que terminou nun hat trick. Pola súa banda o Viveiro dispuxo das súas ocasións máis claras por medio de Matías e Samuel.

A segunda parte empezou con boas sensacións, con dez primeiros minutos nos que estaba máis preto o empate que o dous a cero, pero o que chegou foi o segundo do Rácing de Ferrol, de novo tras un balón longo no que Jorge gañou as costas á defensa celeste.

A partir de aí, e sobre todo ao ter que retirarse Mateo, o único capaz de conter ao punta local, o partido terminouse para os de Fidi, incapaces de recuperar o pulso ante un Rácing de Ferrol que ampliou a diferenza ata o tres a cero final.

OS MELLORES

VIVEIRO SD

XOEL FERRO

ADRI

DANI M.

A Piringalla asalta A Cheda

OS DE LUIS AGRA, SEN CAMBIOS, asinaron o primeiro triunfo no Provincial tras superar a unha Residencia que suma dúas derrotas nos dous partidos disputados

RESIDENCIA	1	2	PIRINGALLA
Go: Sebas			Goles: Iker e Adán

Árbitro: Antonio M. García Conde. Campo: A Cheda

"QUEDA MOITO CAMIÑO POR PERCORRER, SEN QUITALLE MÉRITO Á VITORIA DO RIVAL"
KUBALA - Residencia

"GRAN PARTIDO POR PARTE DE LOS ONCE JUGADORES PARA LOGRAR LOS TRES PUNTOS"
LUIS AGRA - Piringalla

OS MELLORES

RESIDENCIA	PIRINGALLA
SEBAS	ADÁN
MELVIN	STEVEN
GOÁS	BARREIRO

Os laranxas superaron á Residencia por 1-2 grazas, sobre todo, a unha gran primeira parte na que foron superiores aos locais, con moita máis intensidade e gañando todos os duelos.

Dende o inicio a Piringalla tivo aos branquiazul

zuis á súa merced, gañando todas as segundas xogadas, e no minuto quince Iker inauguraba o marcador ao aproveitar un pase en profundidade de Cristóbal, mentres que a dez para o descanso Adán facía o segundo cunha volea coa zurda que se coou por toda a escuadra.

Antes do descanso Iker e Cristóbal puideron ampliar a vantaxe, pero



O branquiazul Nico por diante de Steven



Adán vaise co balón seguido por Xavi



O laranxa Barreiro nun lance do encontro



Cillero fai un pase ante a chegada de Adán

tralos 40 primeiros minutos o resultado era de 0-2.

Logo do paso polos vestiarios a tónica foi a mesma, pero o cansanzo foi facendo mella nunha Piringalla sen rotacións, e a Residencia, cun cambio no seu sistema igualou forzas e recortou dis-

tancias cun gol de Sebas dende fóra da área a cinco minutos para o remate do encontro.

De aí ao final o propio Sebas e Goás, con dous man a man, tiveron nas súas botas o gol do empate, pero o marcador xa non se movería.

Próxima Xornada

A Residencia visitará ao Becerreá no Municipal, onde ambos equipos buscarán estrear a conta de puntos. A Piringalla, pola súa banda, enfrontarase ao Polvorín, nun duelo entre dous equipos da parte alta da táboa.

O Ribadeo sentenciou xogando unha gran segunda metade

SD RIBADEO	3
BECCERREÁ	0
Aarón	Iago
Caselles	Carballo
Nonide	Igor
Rulo	Candela
Brais Díaz	Antón
Gabri	Noel
Migui	Otero
Kai	Higinio
Nico	Guayen
Alex	Sergio
Javi A.	Iker
Antón	Brais
Mario	Carlos
Roi	Arturo
Ferreiros	

Goles: Alex e Nico (2) fixeron os goles do Ribadeo.

Árbitro: LANZOS REY ANTONIO JAVIER

"BOA SEGUNDA PARTE DE TODO EQUIPO NA QUE XOGAMOS MOI BEN AO FÚTBOL"

RUBÉN - SD Ribadeo

"PESE ÁS DÚAS ÚLTIMAS DERROTAS, ESTOU CONTENTO DE QUE O EQUIPO CONTINUE ESFORZÁNDOSE POR REVERTIR A SITUACIÓN"

RICHARD - Becerreá

descanso, tras aproveitar unha gran xogada de Javi Andina.

Na segunda metade o Ribadeo deu un paso adiante e non deixou entrar no xogo ao Becerreá. Nico fixo o 2-0 tras outro pase de Javi Andina, e a mesma combinación se repetiu no terceiro gol, no que Nico aproveitaba un centro de Javi para facer o definitivo 3-0 que mantén aos de Rubén na primeira posición da táboa.

 Pichichi CADETE PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
DANI	Burela	5
NICO	Ribadeo	4
ANXO	Burela	2
ABUÍN	Foz	2
IKER	Piringalla A	2
ÁLEX	Ribadeo	2
YAGUITO	Polvorin A	2
IVÁN	Burela	1
AARÓN	Burela	1
JORGE	Foz	1

REGULARIDADE		
CADETE PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
STEVEN	Piringalla A	8
ADAN	Piringalla A	5
YAGUITO	Polvorin A	5
MELVIN	Residencia	5
DANI	Burela	4
ABUÍN	Foz	4
JOSE	Polvorin A	4
NICO	Ribadeo	4
HIGINIO	Becerreá	3
GUAYEN	Becerreá	3
HUGO S.	Burela	3

Gran reacción do Polvorín para darlle a volta ao 0-2 do Foz

POLVORÍN	3
CD FOZ	2
Cristian	Youssef
Fer	Santi
Cande	Carlos
Santi	Adán
Nico	Rubén
Yaguito	Pablo
Jose	Samuel
Samuel	Diego
Pablo Vázquez	Abraham
David	Sergio
Diego Vázquez	Abuín
Lucas	Jorge
Ignacio	Nacho

Goles: Yaguito (2) e Javi marcaron para o Polvorín. Abuín (2) para o Foz.

Árbitro: FERNÁNDEZ DÍAZ, JORGE

Os de Caballero remontaron un encontro que se lles puxera moi costa arriba cunha gran posta en escena do Foz. De inicio os mariñais exerceron unha presión moi alta que non permitía combinar aos locais. Así, nos primeiros vinte minutos, Abuín fixo dous golazos que encamiñaban o triunfo dos de Burunda.

Aos poucos o Polvorín foise metendo no encontro, e antes do descanso

"EL TRABAJO COLECTIVO NOS PERMITIÓ GANAR UN PARTIDO QUE SE HABÍA PUESTO MUY CUESTA ARRIBA. ESTE ES EL CAMINO A SEGUIR"
CABALLERO - Polvorín

"ESTÉ É O CAMIÑO A SEGUIR. PESE Á DERROTA NESTE ENCONTRO, ESTOU ENCANTADO CO EQUIPO"
BURUNDA - Foz

Yaguito recortaba distancias nunha xogada ensaiada.

Os cambios déronlle moita vida aos amarelos tralo descanso, que con máis velocidade con balón lograron empatar por medio de Javi mediada a segunda metade. Pese a intentalo, o Foz non estivo acertado de cara a portería, e a falta de quince minutos para o final, Yaguito culminaba a remontada cun zapatazo dende fóra da área.

CLASIFICACIÓNS

CADETE PROVINCIAL

RESULTADOS

Polvorín - SD Foz	3-2
Ribadeo - Becerreá	3-0
Residencia - Piringalla A	1-2
Decansa	SD Burela

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SD RIBADEO	9	3	3	0	0	7	1
EF POLVORÍN "A"	6	2	2	0	0	5	3
BURELA S.D.	4	2	1	1	0	9	2
A PIRINGALLA "A"	4	3	1	1	1	4	5
C.D. FOZ	0	2	0	0	2	3	5
S.D. RESIDENCIA "A"	0	2	0	0	2	2	4
S.D. BECERREÁ	0	2	0	0	2	0	10

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla - Polvorín Burela - Ribadeo
Becerreá - Residencia

CADETE PLAYOFF

RESULTADOS

Ferrovíaria - Monterroso	2-8
Sarriana - Castro	9-0
Lourenzá - Casás	1-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
S.D. SARRIANA	7	3	2	1	0	14	2
C.P. CASÁS	6	3	2	0	1	8	4
S.D. MONTERROSO	4	3	1	1	1	9	4
E.D. LOURENZÁ	4	3	1	1	1	5	8
C.D. CASTRO	4	3	1	1	1	4	12
A.D. FERROVIARIA	0	3	0	0	3	5	15

PRÓXIMA XORNADA

Lourenzá - Monterroso Casás - Sarriana
Castro - Ferrovíaria

CADETE T. DELEGACIÓN

RESULTADOS

Viveiro - Sagrado C.	3-1
Piringalla B - Residencia B	0-4
Polvorín B - Villalbés B	2-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
S.D. RESIDENCIA "B"	7	3	2	1	0	11	5
RC VILLALBES "B"	7	3	2	1	0	9	5
S.D. VIVEIRO	6	3	2	0	1	8	6
SAGRADO CORAZÓN	3	3	1	0	2	5	5
EF POLVORÍN "B"	3	3	1	0	2	8	11
A PIRINGALLA "B"	0	3	0	0	3	2	11

PRÓXIMA XORNADA

Polvorín B - Sagrado C. Villalbés B - Piringalla B
Residencia B - Viveiro

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

Sarriana, nos Play Off, Residencia B e Racing B mantéñense invictos

Os da Ribela suman dous vitorias e un empate nas tres xornadas disputadas e lideran a táboa. Esta fin de semana superaron a Castro, mentres que Monterroso e Casás tamén gañaron os seus partidos. No Torneo Delegación os dous primeiros clasificados e o Viveiro B protagonizaron os triunfos desta xornada.

PICHICHI INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
FRANKLIN	Burela	9
TONI	Villalbés A	8
JAVI	Becerreá	7
MARTÍN	Ribadeo	7
DEIVID	Becerreá	6
ANDRÉS	Becerreá	4
HUGO S.	Piringalla	4
JORGE A.	Ribadeo	4
MATEO	Burela	3
MARTÍN	Milagrosa	3
FIO	Resi A	3
ÓSCAR	Ribadeo	3
PABLO NO	Sarriana	3
ALEIXO	Burela	2
BORJA	Burela	2
JAVI	CD Lugo B	2
SAÚL	CD Lugo B	2
GONZALO	Milagrosa	2
PABLO	Milagrosa	2
TEO	Milagrosa	2
NACHO	Milagrosa	2
XIAN	Piringalla	2
SAÚL	Resi A	2
CILLERO	Resi A	2
MATEO B.	Ribadeo	2
DIEGO	Ribadeo	2
KEVIN	Ribadeo	2
CARLOS	Sarriana	2
DIEGO R.	Villalbés A	2
PABLO	Viveiro B	2
IAGO V.	Viveiro B	2
SASHA	Viveiro B	2
JULIO	Resi A	2
RICARDO	Becerreá	1
SAÚL	Burela	1
IAGO R.	Burela	1
ÓSCAR	Burela	1

Regularidade INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
CARLOS	Sarriana	11
NACHO	Resi A	10
ADRI	Ribadeo	10
TONI	Villalbés A	10
JAVI	Becerreá	9
DEIVID	Becerreá	9
FRANKLIN	Burela	9
ALEIXO	Burela	8
ROMÁN	Piringalla	7
BORJA	Villalbés A	7
HUGO S.	Piringalla	6
ANDRÉS	Becerreá	5
SAÚL	Burela	5
MATEO	Burela	5
NACHO	Milagrosa	5
MARTÍN	Milagrosa	5
MATEO V.	Milagrosa	5
XIAN	Piringalla	5
SAÚL	Resi A	5
YAGO	Ribadeo	5
ÓSCAR	Ribadeo	5
NICO	Sarriana	5
YAGO	Villalbés A	5
JORGE A.	Ribadeo	4
MARTÍN	Ribadeo	4
RICARDO	Villalbés A	4
DANI	Becerreá	3
ALEJO	Becerreá	3
ANTONIO	Milagrosa	3
BARGADOS	Piringalla	3
RAÚL	Resi A	3
JULIO	Resi A	3
ADRI	Sarriana	3
PABLO NO	Sarriana	3
YAGO	Sarriana	3
ÁDAM	Sarriana	3
UNAI	Viveiro B	3



David Gegunde a piques de centrar ante Mateo



David G. conducindo o coiro perseguido por Julio



Aimar, da Resi, e Diego loitando polo esférico

A Residencia xa recuperou a súa mellor versión

OS DE KAISER ENTRAN NO PODIO DA CLASIFICACIÓN e volveron ser o equipo dominante da primeira fase ante un Racing Villalbés que volveu sufrir na Cheda

RESIDENCIA A	7	2	RC VILLALBÉS A
Goles: Óscar, Mateo, Fio (2) e Cillero			Goles: Carlos, Borja

Árbitro: Adrián Estraviz Cerdeira Campo: Municipal A Cheda

OS MELLORES

RESIDENCIA	VILLALBÉS A
NACHO	CARLOS
XABI	BORJA
JULIO	DAVID

A Residencia tivo por primeira vez no Provincial as mesmas sensa-

cións que tiña na primeira fase da tempada, competición na que tamén se impuxo con moita autoridade a un Racing Villalbés que volveu sufrir na Cheda.

“FOI CLAVE A CONCENTRACIÓN E A INTENSIDADE QUE TIVEMOS NOS PRIMEIROS QUINCE MINUTOS E COA QUE CONTINUAMOS, AÍNDA QUE EN MENOR MEDIDA AO LONGO DO PARTIDO. NORABOA RAPACES” KAISER - SDC Residencia

“PARTIDO MUY DESIGUAL EN EL QUE ELLOS FUERON MUY SUPERIORES. HAY QUE SEGUIR TRABAJANDO EN LA LÍNEA QUE VENÍAMOS HASTA ESTA SEMANA Y NO CORTAR LA PROGRESIÓN QUE LLEVÁBAMOS” REBOLO - RC Villalbés A

A posta en escena dos de Kaiser foi sencillamente espectacular. Presionando arriba, xerando ocasións e vendo porta con facilidade para levar o marcador ata o tres a cero cando tan só se disputaran dez minutos de partido.

Coa verticalidade por bandeira e con Fio por banda facendo estragos, autor de dous goles e dúas asistencias, a Resi-

dencia sentenciou o partido antes do descanso co avultado seis a un co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte o ritmo de xogo, como era de esperar, foi moito máis baixo e con iso o Racing Villalbés deixouse ver un pouco máis na Cheda. Con todo, a Residencia, por medio de Nacho liderando a defensa, e Xabi o centro do campo, apenas pasou por complicacións

11

PUNTOS

A Residencia xa é terceira empatada co Ribadeo e a catro puntos do líder, o Burela. Tanto Ribadeo coma Residencia aínda non xogaron cos mariñais, polo que a loita polo título segue moi aberta no Provincial infantil

e mostrouse superior ao longo dos oitenta minutos de xogo.

Con esta vitoria, a segunda consecutiva, a Residencia entra no podio da competición empatada a puntos con Ribadeo e a catro do líder, Burela.

Na próxima xornada os de Kaiser terán derbi capitalino ao medirse co Lugo B nas Gándaras e o Villalbés recibirá á Sarriana na Magdalena.

A Sarriana estréase ao grande

PRIMEIRA VITORIA NO PROVINCIAL tras impoñerse con autoridade á Milagrosa na Ribela. Gran primeira parte dos de Raúl que se plasmou co 4-0 no marcador ao descanso

SARRIANA	5
MILAGROSA	1
Alex	Anxo
Oscar	Martin
Manu	Diego Arias
Pablo	Brais
Adam	Gonzalo
Yago	Mateo López
Carlos	Diego Oropeza
Adrián	Marcos
Nico	Nacho
Alejandro	Hugo
Adri	Pablo
Unai	Sufu
Santi	Xoel
Fran	Alex
Pablo	Manuel
Raúl	Teo

Goles: Carlos, Adri, Pablo, Raúl e Adam pola Sarriana; Nacho pola Milagrosa.

Árbitro: Aitor Freaño Campo

A Sarriana estreou a conta de vitorias no Provincial ao grande tras impoñerse con autoridade a unha Milagrosa que se cae do podio tras encaixar a súa segunda derrota consecutiva.

O partido púxose de cara para a Sarriana moi pronto, co un a cero que subiu ao marcador Carlos tras un saque de esquina aos dous minutos de xogo. A partir de aí, a Sarriana xogou con confianza e co

paso dos minutos ampliou a diferenza ata o catro a cero co que se chegou ao descanso.

O segundo foi obra de Adri ao culminar unha contra, o tres a cero asinouno o alevín Pablo, tras un pase de Santi, e o cuarto por medio de Raúl ao aproveitar un rexeite dentro da área rival.

Tralo descanso a Milagrosa buscou a heroica. Recortou distancias por medio de Nacho e dispuxo

“ESTOU MOI CONTENTO CO PARTIDO REALIZADO POR TODOS OS XOGADORES. O TRABALLO SEMANAL ACABA SEMPRE DANDO OS SEUS FROITOS” RAÚL - Sarriana

“PERDIMOS TRES PUNTOS. AHORA A MEJORAR POR SEMANA Y PENSAR EN EL PRÓXIMO PARTIDO” MADRILES - Milagrosa

de ocasións para comprimir un pouco máis o resultado e ata soñar cos puntos, pero a Sarriana apelou ao traballo colectivo para manter distancias nun marcador que os de Raúl

pecharon co cinco a un final por medio de Adam.

Na próxima xornada a Sarriana viaxa a Vilalba e a Milagrosa espera volver á senda da vitoria no derbi ante a Piringalla en Frigas.

Ribadeo aséntase no podio

OS DE DONATO SEGUEN INVICTOS tras impoñerse nun partido con moitas alternativas

PIRINGALLA A		2		5		RIBADEO	
Goles: Hugo S. (2)						Goles: Martín (3), Óscar e Jorge A.	
ANTÓN	XIAN	JORGE A.	DIEGO	EDU	TEO	CAPI	HUGO
ANDRÉS	TSOTNE	ÓSCAR	YAGO	ANDRÉS	HÉCTOR	DAVID B.	MATEO B.
BARGADOS	HUGUITO	MARTÍN	ADRI	ROMÁN	ROMÁN	MARTÍN	ADRI
CAMBA	MANOEL	KEVIN	NACHO C.	CAMBA	MANOEL	KEVIN	NACHO C.

Árbitro: Ismael Martínez Carregal. Campo: Municipal Rodríguez Lago

“RESULTADO MUY ENGAÑOSO. CON EL 2-2 PUDIMOS PONERNOS POR DELANTE Y LLEVARNOS NOSOTROS LA VICTORIA” JUAN - Piringalla A

“ORGULLOSO DOS NENOS POR VER COMO O TRABALLO, SEMANA TRAS SEMANA, SE VE REFLEXADO SOBRE O TERREO DE XOGO NOS PARTIDOS” DONATO - SD Ribadeo

OS MELLORES

PIRINGALLA	SD RIBADEO
HUGO S. 1 1 1	ADRI 1 1 1
ROMÁN 1 1 1	MARTÍN 1 1 1
CAMBA 1	ÓSCAR 1

Ribadeo, xunto con Burela e Residencia, os seus compañeiros no podio da clasificación, son únicos equipos que se manteñen invictos no Provincial infantil.

Tras dous empates nas dúas últimas xornadas, os

de Donato volveron á senda da vitoria ante o Piringalla nun partido que os mariños tiveron que “gañar” en dúas ocasións.

A primeira tralo cero a dous dos primeiros minutos e a segunda a partir do dous a dous, con ocasións para o tres a dous dos capitáneos.

O cero a un non tardou en chegar e asinouno Óscar

ao rematar un saque de esquina aos poucos minutos de xogo, mentres que o cero a dous chegou cun remate coa zurda de Martín desde fóra da área cando apenas se disputaran dez minutos.

Cando peor pintaban as cousas para a Piringalla, Hugo recortou distancias no ecuador da primeira parte e os de Juan saíron con vida dun primeiro tempo no que o Ribadeo puido ampliar a diferenza en accións a balón parado.

Xa na segunda parte Hugo volveu acudir á súa cita co gol para empatar de novo o encontro. Con dous a dous e máis de media hora por diante empezaba un partido novo no que a Piringalla tivo algunha chegada con perigo por medio de Xian para poder culminar a remontada.

Donato variou o debuxo do seu equipo, pasando a un 4-4-2 co que recuperaron o mando no medio campo, e cun dobrete de Martín, que terminou o partido asinando un hat trick, e outro gol de Jorge na recta final, Ribadeo levou os tres puntos das Gándaras para seguir invicto e instalado no podio do Provincial infantil tras cinco xornadas.



Jorge Alonso controlando o coiro ante a mirada de Antón



Nacho C. do Ribadeo e Hugo S. na disputa dun balón



Martín e Bargados en carreira detrás do esférico

Pleno ao quince para un Burela que segue liderando con autoridade o Provincial infantil

BURELA SD	7
SD VIVEIRO B	2
Diego	Mateo
Jorge	Álex
Pablo B.	Justin
Aleixo	Alejandro
Nore	Vieira
Saúl	Mauro
Mateo	Xoel Piqueiras
Ramos	Yago
Pablo	Claudio
Borja	Gabi
Franklin	Sasha
Óscar	Unai
Félix	Mateo Eijo
Pablo V.	Pablo
Raúl	
Yago Ares	

Goles: Franklin (3), Félix, Pablo, Aleixo e Borja polo Burela; Xoel Piqueiras e Gabi polo SD Viveiro B.

Árbitro: Manuel Martínez Díaz

“PÚXOSENOS DE CARA MOI RÁPIDO, O QUE CONDICIONOU O RESTO DO ENCONTRO A PESAR DO BO TRABALLO FEITO POLO RIVAL”

ÁNCEL - SD Burela

“SEGUIMOS FORMANDO INFANTILES PARA JUGAR GALLEGA Y ALEVINAS PARA QUE PUEDAN COMPETIR CON LOS MEJORES DE LA PROVINCIA”

PABLO IGLESIAS - SD Viveiro B



Áncel dirixindo aos seus xogadores diante do banquillo

O Burela mantén o pleno de puntos nas cinco xornadas disputadas do Provincial infantil tras impoñerse a un Viveiro B que pese a contar coas ausencias de Matías e Diego, convocados co equipo de Liga Galega, e de xogar con tres alevíns, Mateo Eijo, Pablo e Álex, este último sendo ata titular, vendeu máis cara a derrota do que indica o avultado 7-2 final.

O partido estivo condicionado polo un a cero que

asinou Borja no primeiro minuto. A partir de aí o Burela tivo tranquilidade ante unha boa presión alta do Viveiro, pero á contra o líder do Provincial levou o marcador ata o 4-0 ao descanso.

De novo a posta en escena na segunda parte estivo marcada pola pegada local, coa que o Burela levou moi pronto o marcador ata o momentáneo 6-0 co que todo quedou sentenciado.

O Becerreá colle o último tren para loitar pola fase de ascenso

SD BECERREÁ	5
CD LUGO	1
Mito	Jairo
Dani	Adrián
Alejo	Brais
Unai	Marcos
Claudio	Yago
Deivid	Deivid
Adrián	Lois
Manu	Adri Pérez
Dorado	Valiña
Andrés	Antoni
Javi	Javi
Herbón	Hugo
Diego	Lucas
Matias	Jesu

Goles: Javi, Andrés, Manu, Deivid (2) para o Becerreá. Adri Pérez polo Lugo.

Árbitro: Javier Gómez Botana

“HOY ESTUVIMOS MEJOR DEFENSIVAMENTE QUE EN OTROS PARTIDOS, Y DE AHÍ EL RESULTADO FINAL”

NICO - SD Becerreá

a iso, os de Alberto puideron adiantarse ao estrelar un balón no poste con cero a cero no marcador.

Pouco despois, Javi fixo o un a cero e Deivid sacou brillo á pizarra de Nico ao ampliar a vantaxe tras unha acción de estratexia á saída dun córner. O propio Deivid deixou practicamente sentenciado o partido co tres a cero co que se chegou ao descanso.

Xa na segunda parte o Lugo B tivo máis presenza con balón en campo rival, pero a balón parado, Andrés, e á contra, Manu, espertaron do sono dos puntos a un Lugo B que maquiou o resultado final co gol de Adri Pérez

O Lugo B, pola súa banda, quixo e tivo o balón en zonas de pouco perigo. Pese

CLASIFICACIÓNS

INFANTIL PROMOCIÓN

RESULTADOS

Piringalla A - Ribadeo	2-5
Sarriana - Milagrosa	5-1
Residencia A - Villalbés A	7-2
Becerreá - CD Lugo B	5-1
Burela - Viveiro B	7-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
BURELA S.D.	15	5	5	0	0	23	6
SD RIBADEO	11	5	3	2	0	21	11
SD RESIDENCIA "A"	11	5	3	2	0	13	6
S.C.D. MILAGROSA	9	5	3	0	2	13	9
S.D. BECERREÁ	6	4	2	0	2	15	14
S.D. SARRIANA	5	5	1	2	2	10	8
R.C. VILLALBES "A"	4	4	1	1	2	9	14
PIRINGALLA "A"	3	5	1	0	4	8	16
CD LUGO SAD "B"	3	5	1	0	4	8	20
SD VIVEIRO "B"	1	5	0	1	4	9	25

PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Burela	CD Lugo B - Residencia A
Milagrosa - Piringalla	Viveiro B - Becerreá
Villalbés A - Sarriana	

INFANTIL PLAYOFF

RESULTADOS

Polvorin A - Antas	6-3
Casas A - Foz	5-3
Castro - Residencia B	2-2
Palas - Guitiriz	Apr.
Ferrovial A - Pontenova	1-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
EF POLVORIN "A"	12	5	4	0	1	24	10
SD RESIDENCIA "B"	10	5	3	1	1	14	8
C.D. FOZ	8	5	2	2	1	16	16
GUITIRIZ S.D.	7	4	2	1	1	10	8
C.P. CASAS "A"	7	5	2	1	2	13	13
PALAS C.D.	7	4	2	1	1	13	13
PONTENOVA	6	5	2	0	3	11	11
S.D. ANTAS	6	5	2	0	3	14	23
C.D. CASTRO	5	5	1	2	2	14	14
A.D. FERROVIARIA "A"	0	5	0	0	5	4	17

PRÓXIMA XORNADA

Antas - Ferrovial A	Guitiriz - Castro
Foz - Polvorin A	Pontenova - Palas
Residencia B - Casas A	

INFANTIL T. DELEGACIÓN

RESULTADOS

EF Viveiro - Río Ouro	3-1
Sagrado - Fonsagrada	1-4
Villalbés B - Corgo	0-3
Ferrovial B - Piringalla B	2-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
FONSGRADA	15	5	5	0	0	22	4
C.D. CORGO	12	4	4	0	0	14	2
E.F. VIVEIRO	10	4	3	1	0	17	4
SAGRADO CORAZON	7	4	2	1	1	16	11
A.D. RÍO OURO	7	5	2	1	2	16	12
PIRINGALLA B	4	4	1	1	2	5	9
EF POLVORIN "B"	1	4	0	1	3	4	11
VILLALBES B	1	5	0	1	4	5	27
FERROVIARIA B	0	5	0	0	5	2	21

PRÓXIMA XORNADA

Fonsagrada - Viveiro	Piringalla B - Villalbés B
Corgo - Sagrado C.	Polvorin B - Ferro B

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

Cinco de cinco para a Fonsagrada no Torneo Delegación, do que é líder en solitario

O conxunto da montaña continúa invicto, xunto co Corgo, segundo, que conta cun partido menos.

Na liña Play Off o Polvorin é o primeiro clasificado con 12 puntos, dous máis que a Residencia B, que esta fin de semana empatou fronte a Castro. Os amarelos superaron ao Antas, e Casas e Pontenova tamén sumaron os tres puntos.

Presión de Burela e Becerreá

AMBOS CONXUNTOS APERTAN AOS LÍDERES con senllas vitorias avultadas. O Foz descansou no Norte, e no Sur o Sagrado Corazón gañou con moito suspense

Burela e Becerreá meten presión aos líderes dos grupos Norte e Sur. Foz e Sagrado Corazón respectivamente.

No Norte, o Burela impúxose con moita autoridade a un Sporting Pontenova que se adiantou no marcador ao transformar Esteban un penalti antes do cuarto de hora inicial. A reacción local na Marosa non se fixo de esperar e ao descanso o marcador xa era de catro goles a un para os de Félix.

A SD Viveiro asaltou o Acebreiro con claridade tras impoñerse por cero goles a seis nun partido

dominado no xogo e no marcador desde o primeiro ao último minuto.

O encontro entre Lourenzán e Guitiriz foi aprazado a última hora por unha praga de ausencias por enfermidade do Guitiriz.

O Foz, líder do grupo Norte, descansou esta xornada e volverá á competición ante o Pastoricense antes de viaxar á Marosa para medirse co Burela nun encontro no que estará en xogo o liderado, pase o que pase a próxima xornada.

No grupo Sur, un gol de Yeray a falta de sete minutos mantén líder ao

Sagrado Corazón, mentres que o Becerreá mete presión polo primeiro posto co un a sete ante Casás. O Palas fíxose cos tres puntos na Medela, con dous goles na recta final, e o Corgo lucíuse no seu mellor partido do curso ante o Antas.

12

PUNTOS teñen Foz e Burela á fronte da clasificación tras catro xornadas nas que sumaron pleno de puntos. O duelo directo será na Marosa dentro de dúas xornadas



Samu golpeando o balón en mediocampo nas Gándaras

Un gol de Yeray no treito final mantén ao Sagrado Corazón no máis alto

SAGRADO CORAZÓN	2
EF POLVORIN B	1

Marcos	Cos
Quintela	Lucas
Losada	Ferchu
Héctor	Santi
Yeray	Andrés
Eder	Alberto
Samu	Alfonso
Muñelo	Iker
Jonny	Oscar
David	Fabian
Sergi	Diego
Aarón	Iago
Alvaro	Sergio
Mallo	Castro
Dani	Fernández
Adri	Roberto

Goles: Lucas polo Polvorin. Sergi e Yeray polo Sagrado.

Árbitro: Adrián López Bermúdez

"VICTORIA QUE NOS HACE COGER CONFIANZA A TODOS PARA SEGUIR TRABAJANDO Y COMPITIENDO CON ACTITUD Y GANAS"

BRUNO - Sagrado

"MOI BO PARTIDO DE TODO O EQUIPO. PECAMOS NOS PEQUENOS DETALLES QUE AO FINAL SON OS QUE MARCAN A DIFERENZA"

BORJA - EF Polvorin B

Remontada exprés do Palas con goles de Martínez e Brais nos Chacotes

TABOADA	1
PALAS	2

Ivo	Mateo
Paciño	Manuel
Raúl L.	Prieto
Salgado	Adrián
Gavuso	Noel
Juan	Lucas
Pablo	Samu V.
Damián	Samu Varela
Conde	Luis
Xavi	Martínez
Antonio	Brais
Ramón	Kevin
José Luis	Marcos
Alex	Alberto
Luisito	Martin

Goles: Damián polo Taboada. Martínez e Brais para o Palas.

Árbitro: Jorge Fernández Díaz

"PARTIDO TRABALLADO POR PARTE DE TODO O EQUIPO QUE SE NOS ESCAPOU NOS ÚLTIMOS CINCO MINUTOS"

JACOBO - Taboada

"FELICIDADES A TODO O EQUIPO POLA VICTORIA. NON BAIXARON OS BRAZOS E DEMOSTRARON UNHA GRAN IMPLICACIÓN"

LUIS MATO - Palas

XUVENIL 2ª PROV. NORTE
RESULTADOS

Lourenzán - Guitiriz	Apt.
Burela - Pontenova	8-2
Pastoricense - Viveiro	0-6

CLASIFICACIÓN							
Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
C.D. FOZ	12	4	4	0	0	16	3
BURELA S.D.	12	4	4	0	0	15	4
S.D. VIVEIRO	6	4	2	0	2	13	5
PONTENOVA	6	4	2	0	2	10	16
E.D. LOURENZA	3	3	1	0	2	8	7
U.D. PASTORICENSE	3	5	1	0	4	6	19

PRÓXIMA XORNADA
Pontenova - Lourenzán
Viveiro - Burela
Foz - Pastoricense

XUVENIL 2ª PROV. SUR
RESULTADOS

Sagrado - Polvorin B	2-1
Taboada - Palas	1-2
Casás - Becerreá	1-7
Corgo - Antas	7-0

CLASIFICACIÓN							
Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SAGRADO	13	5	4	1	0	X	X
S.D. BECERREA	12	5	4	0	1	16	1
PALAS C.D.	10	5	3	1	1	12	6
EF POLVORIN "B"	9	5	3	0	2	8	10
C.D. CORGO	8	5	2	2	1	7	1
S.D. ANTAS	3	5	1	0	4	3	9
TABOADA CF	1	5	0	1	4	1	8

PRÓXIMA XORNADA
Corgo - Polvorin B
Becerreá - Palas
Taboada - Sagrado
Antas - Casás

Golpe de autoridade dun Burela que xa iguala co Foz no máis alto da táboa

BURELA SD	8
SP PONTENOVA	2

Flavio	Lucas
David	Raúl
Valito	Iker
Borja	Xian
Rujo	Adrián
Penelo	David
Carlos	Oscar
Savio	Luis
Simón	Roberto
Pablo	Esteban
Saúl	Hugo
Egoitz	Miquel
Silverio	Adrao
Balseiro	Carlos
Jairo	
Lucas	

Goles: Saúl, Pablo (3), Jairo (3) e Savio para o Burela. Esteban e Oscar pola Pontenova.

Árbitro: Raúl López Martínez

"NINGUÉN É IMPRESCINDIBLE NESTE EQUIPO E TODOS TEMOS QUE APORTAR AO EQUIPO PARA PODER CONSEGUIR O OBXECTIVO"

FÉLIX - Burela SD

"NOS CONDENAN LAS PÉRDIDAS DE CONCENTRACIÓN QUE TENEMOS DURANTE LOS PARTIDOS"

CHARLIE - SP Pontenova

Set en branco para un Viveiro B que estrea a conta lonxe do Marcos Gómez

UD PASTORICENSE	0
SD VIVEIRO	6

Pablo	Dopi
Iván	Nico
Rubén	Novo
Adrián	Adri
Miguel	Carba
Lucas	Bruno
Brais	Isma
Barull	Jorge
Jacobo	Alex
Martin	Anxo
Iago	Dani
Marcos	Carlos
Miraya	Gabri
Merio	
Jose	

Goles: Dani, Anxo, Alex, Adrián e Bruno (2).

Árbitro: Jose Luis López Rodríguez

1a

VITORIA A DOMICILIO da SD Viveiro B, que perdera na Mina tras gañar na casa ante o Guitiriz na xornada inaugural

"RECUPERAMOS SENSACIONES A LA VEZ QUE VAMOS RECUPERANDO JUGADORES PARA EL EQUIPO"

TITO - SD Viveiro

Pichichi
XUVENIL PREVIAS

Xogador	Equipo	G.
CRISTIAN	Pastoricense	22
ÓSCAR	Antas	21
SERGIO	Casás	17
RUIZ	Corgo	18
JUNIOR	Corgo	17
VICTOR	CD Foz	15
ALEX	Palas	15
BRUNO	SD Viveiro	15
DAMIÁN	Taboada	15
DAMIÁN	Becerreá	14
XOEL	Lourenzán	14
BRAIS	Pastoricense	14
ALBERTO	Polvorin B	14
ADRIÁN	Sp. Pontenova	14
S. VÁZQUEZ	Palas	13
ÓSCAR	Guitiriz	12
DAVID	Sagrado	11
PITA	CD Foz	10
LOIS	Corgo	10
MALLO	Sagrado	10
TOÑO	Antas	9
DIEGO	Casás	9
DUAN	Corgo	9
FRAN	Guitiriz	9
DIAG	Lourenzán	9
BRAIS	Palas	9
MARTÍNEZ	Palas	9
ISMA	SD Viveiro	9
ÓSCAR	Sp. Pontenova	9
ESTEBAN	Sp. Pontenova	9
ARTAI	Taboada	9
ÁLEX	Antas	8

Regularidade
XUVENIL PREVIAS

Xogador	Equipo	P.
DAMIÁN	Becerreá	24
VÍCTOR	Foz	17
DAVID	Sagrado	13
ILY	Becerreá	12
JUNIOR	Corgo	12
S. VARELA	Palas	11
JAVI	Lourenzán	10
DIEGO	Lourenzán	10
JOSE	Foz	9
CATA	Becerreá	8
AARÓN	Lourenzán	8
JONNY	Sagrado	8
ÓSCAR	SP Pontenova	8
IAGO	Becerreá	7
SAÚL	Burela	7
CRISTIAN	Pastoricense	7
JOSE L.	Becerreá	6
ROSÓN	Becerreá	6
AZAZEL	Burela	6
JAIRÓ	Burela	6
DAVID	Corgo	6
S. VÁZQUEZ	Palas	6
ALFONSO	Polvorin B	6
ANXO	SD Viveiro	6
DEIROS	Becerreá	5
SAVIO	Burela	5
JORGE	Foz	5
SERGIO	Sagrado	5
SILVERIO	Burela	4
PABLO	Burela	4
SERGIO	Casás	4
LOIS DÍAZ	Corgo	4

O Becerreá segue metendo presión ao Sagrado Corazón no alto da clasificación

CASÁS	1
SD BECERREÁ	7

David	Anxo
Xurxo	Rosón
Santiago	Javi
Cristian	Chris
Aarón	Iago
Pablo F.	Cata
Felipe	Souto
Diego	Deiros
Pablo Carro	Bilal
Iván	Damián
Sergio	Corral
Antonio	Iván
Pablo Díez	Alex
Daniel	Illy
Juan	
Iván	

Goles: Damián (3), Deiros (2), Chris, Rosón para o Becerreá, Sergio polo Casás.

Árbitro: Carlos Casas Herrero

3

GOLES Damián, que suma 14 goles en todo o curso, foi o autor dun hat trick na vitoria do seu equipo

"FOMOS MÁIS PRÁCTICOS QUE VISTOSOS ANTE UN RIVAL QUE NUNCA BAIXOU OS BRAZOS. SEGUIMOS"

DIEGO DÍAZ - SD Becerreá

O Corgo soltouse e mostrou o que é capaz de facer cun partido moi completo

CD CORGÓ	7
SD ANTAS	0

Harry	Jhony
Jospepe	Hector
Ruiz	Victor
Lois	Rodrigo
Diaz	Iker
Duan	Unai
Victor P.	Cristian
Hugo	Martin
Victor P.	Adri
Junior	Brian
David P.	Toño
Yoni	Martolo

Goles: David (2), Lois (2), Jhonatan Ruiz, Yoni, e Duan para o Antas.

Árbitro: Brais Del Olmo Braseiro

"PARTIDO CON MOI POUCA INTENSIDADE POLA NOSA PARTE, O QUE DIFICULTA PODER COMPETILO NO MARCADOR"

DANI - SD Antas

Final polémico e de infarto no Polvorín

O 4-3 FINAL DE CAIU chegou de penalti no último minuto, tras unha acción chea de polémica e roce entre os dous banquiños



Kubala e Couso razonando sobre a xogada polémica

O Ribadeo naufraxia na segunda metade tras encaixar tres goles na Cheda

SDC RESIDENCIA B	3
SD RIBADEO	1

David	Aarón
Javier	Peña
Brais	Hugo
Samuel	Borja
Miguel	Yañez
Miguel V.	Javi P.
Rubén	Del Viso
Adrián	Cube
Manoel	Iván
Francisco J.	Samuel
Jose	Lucas
Alejandro	Castañal
Pablo	Roi
Samuel A.	Roi N.
Antonio	David

Goles: Iván polo Ribadeo. Manoel, Miguel e Francisco J. para a Residencia.

Árbitro: Ismael Martínez Carregal

"NON PODEMOS COMPETIR OS PARTIDOS CONCEDENDO ESTOS ERROS DEFENSIVOS E NÓS NON METENDO AS OCASIÓN QUE XERAMOS EN CAMPO RIVAL. ASÍ É MOI COMPLICADO PÓDER SUMAR DE TRES EN TRES E METERSE NA LOITA POLO ASCENSO"

MORO - SD Ribadeo

Segunda vitoria do San Roque, que pegou ao inicio de cada parte en Xove

UD XOVE LAGO	1
SAN ROQUE	2

Mateo	Iago
Aharón	Cobas
Oki	Páramo
Bruno	Estraviz
Paleo	Adrián
Samu	César
Santi	Braian
Kevin	Raúl
Javito	Tomás
Rego	Cristian
Cobo	Iay
Nata	Rubén
Santos	Xabi
Fran	Piñeiro
Aarón	David M.
	Josema

Goles: Cristian e Tomás polo San Roque. Cobo para o Xove.

Árbitro: Ángel Ron Valle

"A FALTA DE CONCENTRACIÓN E INTENSIDADE DEFENSIVA MARCARON O RESULTADO FINAL NESTE ENCONTRO"

JUANJO - UD Xove Lago

"QUEDA MOITO POR MELLORAR, PERO A ACTITUDE QUE TEN QUE TER TODO O EQUIPO NOS PRÓXIMOS PARTIDOS É ESTA"

DIEGO BARREIRO - San Roque



Lorenzo, da Milagrosa, e Marcos nun balón dividido

Caiu, de penalti no último minuto, decidiu o encontro en medio da polémica

EF POLVORIN A	4
SDC MILAGROSA	3

Chipi	Roberto
Mithu	Carlos
Sebas	Manu
Raúl	Cabana
Rubén	Fran
Caiu	Diego G.
Sito	Humberto
Marcos	Diego F.
Iago	Nano
Berto	Marco
Manu	Neira
Domi	Arias
Martín	Lorenzo
Nico	Toño
	Pajón

Goles: Caiu (2), Manu e Iago polo Polvorín. Neira (2) e Cabana.

Árbitro: Jesus Adán Gallego

"CONSEGUIMOS UNHA GRAN VICTORIA DE EQUIPO ANTE UN MOI BO RIVAL, O QUE A FAI MÁIS IMPORTANTE SE CABE"

KUBALA - EF Polvorín A

"NON ENTENDO CERTAS ACTITUDES FALSAS E MENTIROSAS NIN GANAR A CALQUER PRECIO. AS MEDALLAS PARA AS OLIMPIADAS"

COUSO - Milagrosa



Dhomi conducindo o balón perseguido por Marco

Cerdeiriños resta dous puntos a un Castro que se mantén á fronte da táboa

SD MONTERROSO	1
CD CASTRO	1

Kevin	Rodrigo
Iván	Nacho
Guerra	Mangel
Buján	Diego
Vv	Marcos
Toni	Adrián
Martín	Raúl C.
Aramburu	Pablo
Isma	Alex
Samuel	Raúl
Santi	Miguel
Sergio	Champi
Coto	Brais
Diego	Iván
Dieguez	
Luquitas	

Goles: Buján para o Monterroso. Nacho polo Castro.

Árbitro: Carlos Andrés Lamus Picón

"XOGAMOS PERFECTO PARA SACAR UN PUNTO ANTE UN DOS MELLORES EQUIPOS DA CATEGORÍA"

IAGO - SD Monterroso

"PRIMEIRA PARTE NA QUE NOS VIMOS SUPERADOS POLA INTENSIDADE E AS GANAS QUE TIÑAN ELES. NA SEGUNDA CONSEGUIMOS IGUALALO E FOI MÁIS DISPUTADO"

DUMI - CD Castro



Sito protexendo o coiro ante a chegada de Manu

o partido unha vez que un xogador seu estaba atendendo a un rival.

Á marxe deste encontro, o máis destacado da xornada foi sen dúbida o empate do Castro en Cerdeiriños. Ao líder pegáronse as sábanas tras un longo parón, e só puido salvar un punto grazas ao empate de Nacho na recta final.

Na Cheda o Ribadeo volveu dar mostras da súa irregularidade, e tras chegar ao descanso con vantaxe no marcador, os mariños naufragaron na segunda parte encaixando tres goles e distanciándose aínda máis dos pri-

meiros postos da clasificación tras oito primeiras xornadas.

XUVENIL 1ª Autonómica

RESULTADOS	
